SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Xacobeo 2027

MESA SECTORIAL DO 19 DE OUTUBRO DE 2026

Acta de Acordo sobre determinadas melloras retributivas e de traballo

Pola Administración:

María del Mar Pousa Cobas. Directora xeral de Recursos Humanos.

Natalia Lobato Mosquera. Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo. Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

Daniel Potel Villar. Subdirector xeral de Selección de Persoal.

Nieves Fiel Paz. Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional e Sistemas de Información.

Julio César Piñeiro Sabarís. Xefe do Servizo de Recursos e Reclamacións.

Pablo Vilariño Guntín. Funcionario do subgrupo A1 da Consellería de Sanidade.

Polas organizacións sindicais (OOSS):

Xosé Francisco Xabier Alvedro Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Irene Tato Mosquera (CIG)
Carlos Castro Rivas (CSIF)
María Teresa Macías Alonso (CSIF)
Enrique Marra-López Moreno (CSIF)
Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)
Carlos Díaz López (CCOO)
María José Diéguez Beltrán (CCOO)
Eva Vidal Marcote (CCOO)
Ana Riveiro Currais (CCOO)
María Encina Chayán Oliveira (UGT)
Javier Martínez Fente (UGT)

Na sede da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela, o 19 de outubro de 2026 ten lugar unha reunión da Mesa Sectorial, en cuxa orde do día figura o seguinte asunto:

"Información sobre as melloras retributivas e de traballo"

Tras o correspondente proceso de negociación e debate, as partes asinan o seguinte **ACORDO**:

1. Persoal residente en formación.

a) Complemento de residencia.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2027 crearase o novo concepto retributivo "complemento de residencia" coas seguintes contías:

- Persoal residente A1 (MIR, PIR...): 120 €/mes. A contía aplicarase coa seguinte secuencia temporal.

- 1 de xaneiro de 2027: 75 €/mes.

- 1 de xaneiro de 2028: 100 €/mes.
- 1 de xaneiro de 2029: 120 €/mes.

- Persoal residente A2 (EIR): 90 €/mes. A contía aplicarase coa seguinte secuencia temporal.

- 1 de xaneiro de 2027: 56,25 €/mes.
- 1 de xaneiro de 2028: 75 €/mes.
- 1 de xaneiro de 2029: 90 €/mes.

A partir do 1 de xaneiro de 2030 as contías incrementaranse na porcentaxe de incremento xeral que establezan as sucesivas leis de orzamentos.

b) Quinta garda e sucesivas (persoal residente A1):

A Resolución do 17 de abril de 2007, pola que se ordena a publicación do acordo subscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT polo que se melloran as condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación (DOG núm. 78, do 23 de abril de 2007) establece que *"Os residentes en programas de formación sanitaria especializada para licenciados non realizarán, con carácter xeral, máis de cinco gardas ao mes. Este número de gardas poderá ampliarse ata sete por necesidades formativas"*.

Tendo en conta o anterior, con efectos do 1 de xuño de 2026, e pola alta prestación que supón, incrementarase o valor/hora da quinta e sucesivas gardas realizadas nun mes. Valor/hora resultante (presenza física):

- Persoal residente de primeiro ano: 21,21 €/hora.
- Persoal residente de segundo ano: 24,27 €/hora.
- Persoal residente de terceiro ano: 27,35 €/hora.
- Persoal residente de cuarto e quinto ano: 30,26 € /hora.

2. Descanso compensatorio da garda do venres.

a) Profesionais das categorías cun réxime de gardas de presenza física de 17 e/ou 24 horas nos servizos hospitalarios:

Con carácter xeral gozarase dun descanso compensatorio da garda do venres nos 15 días seguintes á súa realización. Naqueles servizos nos que se poida ver comprometida a actividade asistencial, por ser de difícil cobertura, poderase diferir a devandita libranza do modo que se acorde previamente entre o/a traballador/a e a xerencia da área sanitaria.

Esta medida aplicarase ás gardas realizadas desde o venres 4 de setembro de 2026.

b) Persoal residente de formación sanitaria especializada cun réxime de gardas de presenza física de 17 e/ou 24 horas:

Con carácter xeral o persoal residente de formación sanitaria especializada gozará dun descanso compensatorio da garda do venres nos 15 días seguintes á súa realización, preferentemente na primeira xornada hábil seguinte.

Excepcionalmente, cando as necesidades docentes ou formativas así o aconsellen, poderase diferir a devandita libranza do modo que se acorde previamente entre o/a traballador/a e a xerencia da área sanitaria.

Esta medida aplicarase ás gardas realizadas desde o venres 4 de setembro de 2026.

Pola Administración

Polas organizacións sindicais

CIG



CSIF



CCOO



UGT

